

3. Normas

A Organización Meteorolóxica Mundial (WMO) fai as seguintes recomendacións referentes á constitución e ao emprazamento dunha caseta meteorolóxica:

Constitución:

- Construída de madeira.
- Pintada de branco e esmaltada co fin de reflectir ben a radiación.
- Con boa ventilación.
- As paredes teñen que estar formadas por persianas inclinadas de tal xeito que os raios do sol non poidan penetrar no seu interior.
- O teito debe estar inclinado para deixar escurrir a auga de choiva ou a neve. Pode ser dobre, con circulación de aire entre os dous tellados para evitar o quentamento do aire cando a radiación é moi intensa.
- A porta debe estar orientada ao norte (no hemisferio norte) para evitar que o sol entre cando está aberta e incida sobre os aparatos de medida.

Emprazamento:

- Debe situarse en lugares chás e ceibes de obstáculos que podan afectar as observacións, onde o clima sexa representativo das condicións da zona. Así por exemplo, evítanse as pendentes moi pronunciadas, cimas de cerros ou afundimentos moi profundos cuxa temperatura, vento, etc, podan ser diferentes ás do seu entorno.
- Sempre que sexa posible o chán debe estar cuberto de vexetación natural, a cal tense que poder pero nunca regar, posto que isto modificaría a lectura dos datos. Hai que evitar os chans de pedra e de asfalto.
- A caseta ten que estar situada a 1.5m de altura sobre o chán.